

CERTIFICADO DE MOBILIDADE PARA A PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO

D. VICENTE PASTORIZA SANTOS, con DNI ***9743**, en calidade de Secretario da Federación Galega de Orientación (FEGADO), de acordo cos datos obrantes nos arquivos da Federación,

- 1) Que os/as deportistas inscritos/as na competición oficial do calendario da Federación Galega de Orientación denominada **2ª PROBA DA XXX LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ (O-PÉ)**, organizada polo Club Peña Trevinca Barco no Concello de O Bolo, teñen licenza federativa de Orientación en vigor para a tempada 2021.
- 2) Que en caso de ser requiridos/as, os/as deportistas con licenza de tempada poden acreditarse mediante licenza federativa dixital a través da plataforma SICO da Federación Española de Orientación (FEDO).
- 3) Que a relación de deportistas inscritos/as en dita competición federada, segundo a **lista validada polo Director Técnico da FEGADO**, Jorge Piñeiro Portela, con DNI ***1453** pódese consultar actualizada no seguinte enlace ao evento na propia web oficial da Federación Galega de Orientación:

[\[VER LISTADO OFICIAL DE DEPORTISTAS INSCRITOS: HORAS DE SAÍDA por club \]](#)

- 4) Que para os efectos de xustificar a aplicación da excepción prevista punto primeiro, número 4, letra n), e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cuarto, letra h), do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, faise constar que todos eles/as:

a) **Pertencen á categoría de:**

Deportista federado/a participante en competición oficial con calendario de competición aprobado para a tempada 2020/2021

b) Vai participar na competición oficial incluída no calendario oficial da Federación Galega de Orientación a celebrar en:

Lugar de competición: Mapa de O Serro-A Mourela. Concello de O Bolo (Ourense). Especialidade de Orientación a Pé (O-Pé).

Data e horario de competición: sábado 20 de marzo de 2021. **9:30** apertura secretaría. **10:25** primeira chamada en presaída. **10:30** saída dos primeiros corredores. Peche de meta 2 horas e media despois da saída do último corredor.

c) A referida competición non pode celebrarse nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes polas seguintes razóns:

Causas xustificadas. *Utilización de nova cartografía específica de Orientación a Pé (O-Pé) | Deporte en espazos non urbanos para evitar a presenza de persoas | Requirimento da aplicación de técnicas de orientación en terreos non coñecidos: lectura de mapa, identificación de tipoloxías de vexetación, curva de nivel e identificación de elementos de cartografía, etc. | Práctica de eleccións de ruta empregando a diversidade da rede de camiños existente.*

d) Observacións:

-

E para que así conste, aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación en Vigo a 18 de marzo de 2021.

NOTA da Dirección Técnica de Federación Galega de Orientación:

CERTIFICADO VÁLIDO exclusivamente para aqueles/as deportistas federados/as que figuren na lista oficial de inscritos e que cumpran cos **requisitos de participación en competicións autonómicas** exixidos por FEGADO e publicados na web con data 12 de marzo de 2021.